

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 24 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a escrita individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega.

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, dedica o seu capítulo II ás actividades de fomento do sector audiovisual. Dada a incidencia fundamental da actividade profesional dos/as guionistas como alicerce da industria audiovisual, esta consellería, dentro dos seus programas de fomento do audiovisual galego, convoca subvencións para a escrita individual de guións en lingua galega, coa intención de estimular a creatividade e o talento na procura dun audiovisual con identidade e ollada propias.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e partida orzamentaria.

Por esta orde establécense as bases reguladoras e convócanse subvencións para a escrita individual de guións orixinais en lingua galega, mediante réxime de concorrencia competitiva. Para as devanditas subvencións resérvase a cantidade de 150.000 euros, que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 12.02.432C.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Artigo 2º.-Beneficiarios/as e obxecto de subvención.

Poderán optar a estas subvencións para a escrita de guións en lingua galega persoas físicas residentes en Galicia e que teñan a intención de escribir un guión para longametraxe de ficción, documental ou película para TV. As subvencións outorgaranse a proxectos de obras orixinais ou adaptacións de obras literarias e terán unha contía máxima de 15.000 euros.

Só poderá presentarse un proxecto de guión por autor/a solicitante.

Artigo 3º.-Motivos de exclusión.

Non poderán acceder ás subvencións os/as solicitantes que se encontren afectados/as por algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quedan excluídos aqueles/as solicitantes que, tendo sido beneficiarios/as dalgunha outra subvención da Consellería de Cultura e Deporte durante o ano 2006, incumprisen as bases ou a finalidade establecidas na convocatoria.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes faranse mediante instancia dirixida á conselleira de Cultura e Deporte, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde, e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte ou nos rexistros das delegacións provinciais, sen prexuízo dos procedementos establecidos no arti-

go 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes virán acompañadas de cinco exemplares encadernados coa documentación seguinte:

1. Fotocopia do DNI do/a guionista solicitante.

2. Historial profesional do/a solicitante.

3. Memoria explicativa do proxecto cunha extensión mínima de cinco páxinas, onde se inclúa unha reflexión sobre a viabilidade do proxecto no audiovisual galego.

4. Sinopse argumental cunha extensión máxima dunha páxina.

5. Tratamento ou argumento do proxecto de guión, cunha extensión mínima de 20 páxinas a dobre espazo.

6. Se o proxecto é un guión orixinal: declaración subscripta polo/a solicitante de que o proxecto é obra orixinal e non foi desenvolvido.

7. Se o proxecto é un guión adaptado: declaración de autorización expresa do/s propietario/s dos dereitos da obra preexistente.

8. Certificado de empadramento en Galicia do/a solicitante.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 43 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, a presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, para as axudas que superen o importe de 1.500 euros. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación dos pagamentos, ao abeiro do disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, punto 4.c) e 8 derradeiro parágrafo, respectivamente. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado/a.

Artigo 5º.-Prazo de presentación e tramitación de solicitudes.

1. As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes, a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte tramitará as solicitudes e instruírá os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

Artigo 6º.-Comisión de expertos/as.

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase un comité de expertos/as independentes, nomeados pola conselleira de Cultura e Deporte.

O comité de avaliación estará presidido polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, ou a persoa en quen delegue, e del formarán parte tres vogais, profesionais de recoñecido prestixio nas diferentes áreas e funcións da cultura e industria audiovisual. Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a da Consellería de Cultura e Deporte, con voz e sen voto. Os membros das comisións de expertos/as declararán por escrito non teren relación cos/as solicitantes dos proxectos presentados a esta convocatoria.

As decisións do comité de expertos/as terán carácter vinculante e asignarán cantidades específicas para cada proxecto de guión en función das súas características e posibilidades de produción no marco da industria audiovisual galega. A comisión de expertos/as elevará a proposta de resolución, debidamente motivada, á conselleira de Cultura e Deporte, quen resolverá, poñendo fin á vía administrativa. O comité deberá emitir, ademais, un informe final, unha vez que os guións estean finalizados, que será condición necesaria para os/as beneficiarios/as recibiren a totalidade da subvención.

Artigo 7º.-Criterios de valoración.

A proposta da comisión de expertos/as valorará axeitadamente os seguintes aspectos:

a) Calidade, creatividade e orixinalidade dos proxectos. (10 puntos).

b) A contribución ao desenvolvemento dos valores culturais de Galicia e á construción dun audiovisual con ollada propia. (10 puntos).

c) Viabilidade da execución do proxecto, unha vez desenvolvido o guión, no cadro da industria audiovisual galega. (10 puntos).

d) Currículo profesional do/a guionista solicitante. (5 puntos).

Artigo 8º.-Resolución.

Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes aos proxectos contemplados nesta orde será de tres meses, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria. De non notificarse resolución favorable neste prazo, entenderase desestimada a petición correspondente, podendo interpoñerse no prazo dun mes, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Cultura e Deporte, previo ao recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, na forma e no prazo previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Prazo de aceptación.

1. Notificada a resolución de subvención, os/as beneficiarios/as deberán manifestar por escrito a súa aceptación, comprometéndose a executar os proxectos subvencionados no prazo e condicións establecidos. Para a aceptación deberá empregarse o modelo que figura como anexo II desta orde.

2. Así mesmo, os beneficiarios deberán enviar unha ficha de proxecto debidamente cuberta para a súa publicación na web da Axencia Audiovisual Galega segundo o anexo III.

De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais a partir da notificación, entenderase que o/a beneficiario/a renuncia á subvención concedida e procederase, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

Artigo 10º.-Pagamento da subvención e xustificación de desenvolvemento do guión.

1. O cincuenta por cento da subvención poderase facer efectiva a partir da notificación e aceptación da concesión. Para recibir o primeiro libramento deberá presentarse:

a) Petición de libramento.

b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, entidade pública ou privada, de carácter nacional ou internacional.

c) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na cal conste ordinal bancario, código de banco, código da sucursal e código da conta corrente.

2. O cincuenta por cento restante da subvención farase efectiva unha vez presentada a conta xustificativa ata o 31 de outubro do 2007 e que conterà:

a) Unha memoria de actuación con indicación das actividades realizadas para a escrita do guión, por duplicado.

b) Presentación de cinco exemplares do guión definitivo en lingua galega.

c) Certificado da inscrición do guión no rexistro de propiedade intelectual por duplicado.

3. Para recibir a totalidade da subvención será preceptivo o informe positivo de conformidade do comité de expertos/as, que deberá ser emitido no prazo dun mes desde a presentación dos cinco exemplares perante a Consellería de Cultura e Deporte.

Artigo 11º.-Publicidade da subvención recibida.

1. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural publicará no taboleiro de anuncios dos servizos centrais da consellería unha relación que conteña os extremos indicados no artigo 78.8º do Decreto legislativo 1/1999. Ademais, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedi-

das que, individualmente consideradas, superen os 3.000 euros.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura e Deporte publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Ademais, incluírase nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, segundo a autorización do solicitante que figura no punto 3 do anexo I desta orde

4. Nos títulos de crédito de toda produción baseada nos guiños subsidiados, así como na publicidade que dela se faga, farase constar expresamente que recibiu unha subvención para a escrita de guiños en lingua galega por parte da Consellería de Cultura e Deporte, segundo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 12º.-Información e control.

1. Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, ou polo Consello de Contas segundo a súa normativa.

2. Ademais, deberanlle facilitar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural toda a información e documentación complementaria que esta estime precisa para a concesión ou aboamento do importe da subvención.

Artigo 13º.-Reintegro.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e dos xuros de mora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, ou, no seu caso, os supostos previstos no artigo 78.10º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro e no artigo 19 do Decreto 287/100, do 21 de novembro,

Disposición derradeira

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2007.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA
 E DEPORTE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA A ESCRITA INDIVIDUAL DE GUIONS DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS EN LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD207E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF /DNI
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DO PROXECTO DE GUIÓN

FORMATO DO PROXECTO
TÍTULO DO PROXECTO
XÉNERO DO PROXECTO

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE XUNTA

<p>DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA</p> <p><input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI DO/A GUIONISTA SOLICITANTE.</p> <p><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN SUBSCRITA POLO/A SOLICITANTE DE QUE O PROXECTO É OBRA ORIXINAL E NON FOI DESENVOLVIDO.</p> <p><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AUTORIZACIÓN EXPRESA DO/S PROPIETARIO/S DOS DEREITOS DA OBRA PREEXISTENTE.</p> <p><input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO EN GALICIA.</p>	<p>DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (5 EXEMPLARES)</p> <p><input type="checkbox"/> MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO.</p> <p><input type="checkbox"/> SINOPSE ARGUMENTAL.</p> <p><input type="checkbox"/> HISTORIAL PROFESIONAL DO/A AUTOR/A.</p> <p><input type="checkbox"/> TRATAMENTO OU ARGUMENTO CINEMATOGRAFICO DO PROXECTO DE GUIÓN.</p>
---	---

Autorízase a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural para:

- 1.- Comprobar, para as axudas a investimentos, ou cumprimento, pola entidade, das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Facenda pública da Xunta de Galicia.
- 2.- Para incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas así como as sancións impostas, segundo o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 24 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a escrita individual de guiños de proxectos audiovisuais en lingua galega.</i></p>
<p>SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>En _____ , _____</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		

Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO II

ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

O/A solicitante []
 co NIF nº [] respecto da convocatoria de subvencións para a escrita individual de guións de
 proxectos audiovisuais en lingua galega convocada por Orde [], recibiu a notificación
 da resolución da conselleira de Cultura e Deporte, adxudicándolle un importe de []
 para a escrita do proxecto denominado []

Mediante o presente escrito, cumpro co trámite previsto no artigo 9 da referida convocatoria e perante a Consellería de Cultura e Deporte manifesto expresamente a ACEPTACIÓN da dita subvención , comprometéndome a executar o proxecto subvencionado no prazo e condicións establecidos.

En [] , []

(Sinatura) []

DIRECCIÓN XERAL DE CREACIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL
 CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
 Edf. administrativo San Caetano, bloque 3

ANEXO III

FICHA DO PROXECTO

TÍTULO:	[]
XÉNERO:	[]
FORMATO: ⁽¹⁾	[]
GUIONISTA/AS (NO CASO DE SER MÁIS DUN GUIONISTA)	[]
DESCRIBCIÓN DO PROXECTO (MÁXIMO 25 LIÑAS)	[]
ARGUMENTO (MÁXIMO 50 LIÑAS)	[]
CURRÍCULO BREVE DO/OS GUIONISTAS:	[]
CORREO ELECTRÓNICO:	[]
TELÉFONO:	[]
WEB	[]